

RESOLUCIÓN REITORAL DO 10 DE NOVEMBRO DE 2016 POLA QUE SE ESTABLECE O PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES DE AVALIACIÓN DA ACTIVIDADE DOCENTE

Co obxecto de garantir a continuidade do proceso de avaliación previsto no artigo 2.3 c) do Real decreto 1086/1989, do 28 de agosto, sobre retribucións do profesorado universitario, é necesario establecer o prazo durante o cal poidan presentarse novas solicitudes de avaliación da **actividade docente** ante esta Universidade, polo que

ESTA REITORÍA RESOLVE:

Primeiro. O persoal funcionario de carreira dos corpos docentes universitarios e o profesorado contratado doutor fixo en servizo activo e réxime de dedicación a tempo completo que presten servizos nesta universidade e cumbran dentro do ano 2016 cinco anos de servizos docentes sen avaliar a tempo completo ou período equivalente se se prestou en réxime de dedicación a tempo parcial, poderán presentar as súas solicitudes de avaliación docente segundo o modelo oficial, Anexo I.

Así mesmo, o persoal funcionario docente que se atope en situación de servizos especiais poderá presentar a solicitude de avaliación docente, aínda que os dereitos económicos non se devengarán ata o momento do seu reingreso na Universidade en réxime de dedicación a tempo completo.

Segundo. O prazo de presentación de solicitudes comezará a partir da publicación da presente convocatoria e **ata o 02 de xaneiro de 2017.**


Terceiro. A normativa e demais aspectos de procedemento e efectos da avaliación docente especificanse no Anexo II desta convocatoria.

Cuarto. As persoas interesadas deberán presentar as súas solicitudes no Rexistro Xeral ou auxiliares desta universidade ou por calquera dos medios aos que se refire o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Vigo, 10 de novembro de 2016
O reitor



Salustiano Mato de la Iglesia



A TODO O PERSOAL DOCENTE E INVESTIGADOR DA UNIVERSIDADE DE VIGO